

## **O CESGA colaborará cos grupos galegos de usuarios de GNU/Linux para o desenvolvemento do software libre en Galicia**

**Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2006.-** O Centro de Supercomputación de Galicia e os Grupos Galegos de usuarios de GNU/Linux (GUGL) traballarán conxuntamente para lograr unha maior implantación do software libre en Galicia e acadar índices de uso similares aos das rexións máis avanzadas. O convenio que recolle esta iniciativa asinouse esta mañá nas dependencias da Xunta de Galicia coa presenza da directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, Elena Veiguela, o director xerente do CESGA, Javier García Tobío, e os representantes dos diferentes grupos.

O acordo contará coa participación dun importante número de grupos de usuarios de GNU/Linux que operan en Galicia: a Asociación de Usuarios de Linux da Universidade de Santiago de Compostela (AULUSC), a Asociación de Usuarios GNIX (AGNIX), a Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Ourense (GULO), a Asociación Universitaria Grupo de Programadores y Usuarios de Linux (GPUL), a Asociación Cultural Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra (GALPON) e a Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Galicia (GLUG).

A iniciativa, coordinada dende o CESGA, pretende incentivar a realización de seminarios e congresos, a organización de actividades de difusión de diversa índole, así como tamén a elaboración de contidos de interese (CDs, publicacións...) para a Iniciativa Galega polo Software Libre -proxecto de recente creación, que se vén concretando na web [mancomun.org](http://mancomun.org).

Todas estas propostas serán plasmadas nun plan de actuacións que presentará cada grupo nun prazo de 60 días e que, tras ser consensuado co CESGA, se materializará no período que abrangue ata decembro de 2007. As actividades estarán coordinadas por unha mesa de traballo formada polo CESGA, a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información e os propios GUGL.

### **Grupos de usuarios GNU/Linux**

Os grupos de usuarios de GNU/Linux son asociacións sen ánimo de lucro que tentan difundir o uso do software libre e ofrecer soporte aos usuarios deste tipo de sistemas no seu ámbito. Aínda que neles participan todo tipo de persoas, o seu xurdimento está vinculado, habitualmente, ás universidades e aos centros de estudos, por atopar nestes espazos os contornos de pensamento máis idóneas para a difusión da filosofía libre que predicán os mentores deste software.

O desenvolvemento imparabile do software libre nos últimos anos débese en gran medida a estes colectivos, que repartidos por toda a xeografía mundial veñen ampliando e mellorando o código fonte dos sistemas. Deste xeito, as plataformas libres teñen avanzado dende programacións moi básicas a outras de gran complexidade, superando en moitos casos ás de programas propietarios.

### **GNU/Linux**

GNU/Linux –máis coñecido simplemente como Linux- é un sistema operativo que presenta como peculiaridades fronte a outros sistemas informáticos a súa



gratuidade e o acceso libre ao código fonte, permitindo a súa modificación e mellora en todo momento.

Este sistema foi deseñado e configurado por multitude de programadores arredor do mundo. O núcleo do sistema segue baixo a coordinación do que foi o seu precursor en 1991, Linus Torvalds.

Linux distribúese baixo a Licencia Pública Xeral (GPL), a cal implica que o seu código fonte ten que estar sempre accesible.